

Estimado estudante:

Desexo darlle a benvinda ao curso académico 2025-2026; moi especialmente se é vostede alumno de nova incorporación e intégrase na UNED por primeira vez. Desde este momento, tanto eu mesmo, como todo o equipo administrativo e docente do Centro Asociado á UNED en Ourense, poñémonos ao seu servizo. O devandito Centro Asociado e a súa Aula Universitaria de Valdeorras, na Rúa, contan cunha serie de servizos académicos e de recursos que lle serán de suma utilidade académica, profesional e persoal: Secretaría (Ourense, A Rúa), Biblioteca (Ourense); Aulas de informática (Ourense), Centro de Orientación e Información ao Estudante (COIE) (Ourense); Probas presenciais: só en Ourense. Os alumnos da Rúa deben desprazarse a Ourense para realizar os seus exames.

Dentro dos servizos merecen especial mención as titorías. O Centro Asociado no que se matriculou ofreceralle titorías nas instalacións de Ourense e A Rúa que, ademais de ser presenciais, emítense ao mesmo tempo por webconferencia, a través de INTECCA ou Teams.. Lembre, a este respecto, que non todas as materias dispoñen de titor presencial en cada unha das sedes; en caso de dúbida, consulte os horarios.

Ao servizo de webconferencia, pode acceder desde o seu domicilio se dispón dun computador con conexión a internet. Ademais, a tutela de todas aquelas materias que por razóns orzamentarias e de dispoñibilidade física de espazos e medios UNED Ourense non alcanza a proporcionar, poderá levar a cabo polo Campus Noroeste, ou desde outros Centros da UNED a través das titorías por webconferencia. Para recibir este servizo académico só é preciso que se matricule da materia do seu interese e dispoña dun dispositivo electrónico conectado a internet. Este servizo permitiralle interactuar co seu profesor e recibir toda clase de documentos que reforcen a súa titoría.

Unha vez máis, agradeceríalle que consultase os horarios para coñecer o calendario e dispoñibilidade destas titorías. En todo caso, ao longo de outubro e novembro, tanto o Centro Asociado de Ourense como o Campus do Noroeste desenvolverán, dentro do seu Plan de Acolida de Estudantes, diversas actividades informativas e formativas que lle serán



moi útiles para coñecer e aproveitar ao máximo os distintos servizos que a UNED proporciona aos seus estudantes.

Para manterse ao tanto destas e outras actividades, pode consultar o seu propio correo de estudante, a web do Centro Asociado de Ourense: www.unedourense.es, así como as nosas redes sociais:

- <https://twitter.com/UNEDOurense>
- <https://www.facebook.com/unedourense>
- <https://www.instagram.com/unedourense>